

GALICIA PARTICIPA NA REUNIÓN DO PROXECTO REHEAL EN ATENAS (GRECIA) PARA A BUSCA DE SOLUCIÓNS INNOVADORAS NO EIDO DAS CADEAS SANITARIAS DE SUBMINISTRO CIRCULARES

- O Servizo Galego de Saúde e a Axencia Galega de Coñecemento en Saúde participan nun novo proxecto europeo para a adquisición de solucións innovadoras de cadeas de suministro circulares na modalidade de Compra Pública Precomercial.
- O proxecto ten unha duración de 4 anos e un orzamento total de 7,3 millóns de euros liderado pola Universidade de Edimburgo.

Atenas (Grecia), 5 de marzo de 2026.- Durante os días 4 e 5 de marzo, no maior hospital privado da cidade de Atenas (Grecia), o MITERA Hospital, tivo lugar a reunión do consorcio do proxecto europeo de Compra Pública Precomercial REHEAL. No evento participaron en calidade de socios o director da área de Desenvolvemento en Innovación Sanitaria da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS), José María Romero, e a coordinadora da estratexia de economía circular do SERGAS, Beatriz Piñeiro de GALARIA.

Neste contexto o plan REHEAL, de 4 anos de duración, está destinado a facilitar a adquisición sostible, o reacondicionamento, a reciclaxe e a recuperación de recursos nos sistemas sanitarios, mediante ferramentas dixitais e o despregamento dunha estratexia de contratación pública de innovación. A reunión semestral do consorcio permitiu aliñar estratexias e fixar novos obxectivos e actividades.

A Universidade de Edimburgo coordina o proxecto que ten como socios, ademais do SERGAS e da ACIS, o Servizo Nacional de Escocia (NSS) e o Goberno Escocés (Reino Unido), a rexión de Hovedstaden (Dinamarca), a Fundación Clúster de Ciencias da Vida Cracovia – KLSK (Polonia), o Hospital MITERA (Grecia), e o consorcio europeo EIT Digital. Desta forma representa a 261 hospitais e centros sanitarios, a uns 300,000 profesionais sanitarios e case a 17 millóns de cidadáns.

Consulta Preliminar ao Mercado aberta ata o 23 de marzo

O proxecto despregará unha programa de Compra Pública Precomercial de 3,5 millóns de euros de inversión para codeseñar e pilotar solucións innovadoras de cadea de subministración inversa con 20 provedores. Ademais, tratarase de contar coa participación de máis de 20 sistemas sanitarios ampliando o impacto en toda Europa.

Co obxectivo de coñecer as potencialidades e redefinir o reto conxunto detectado polo consorcio, o proxecto ten aberto un formulario de Consulta Preliminar ata o 23 de marzo co fin de que empresas e entidades de I+D+i envíen as súas contribucións poidendo influir desta maneira na futura licitación de CPP.

O SERGAS a través da ACIS é referente en Compra Pública Innovadora a nivel europeo con experiencia no eido da metodoloxía de Living Labs o que posiciona a Galicia como axente clave para colaborar en proxectos europeos de innovación sanitaria, facilitando unha implantación de solucións pioneiras

CONTIDOS RELACIONADOS
REHEAL
Consulta Preliminar ao Mercado (CPM) do proxecto REHEAL

centradas nas necessidades de profissionais e pacientes.